

NUMAX PRESENTA:

107 | NOVEMBRO 2026

↑ Rose. Markus Schleinzer. ESTREA 20 NOV

Libraría

Novembro á porta, xeada na horta

O outono traía consigo o sonoro balbordo dos corvos, o olor a canela, a podremia doce das follas. Pantalóns de pana novos, aire frío, libros de texto protexidos con bolsas de papel por riba. (...) Nas mañás de inverno a luz extendíase sobre a paisaxe como un caldo acuoso.

Sarah Manguso: *Gente muy fría*



Gente muy fría
Sarah Manguso
ALPHA DECAY
| 21,90€



Postales de invierno

Ann Beattie

LIBROS DEL ASTEROIDE | 18.90€



Pequeno Álbum de Nova York en Inverno

Berta Dávila e Carlos Meixide

RODOLFO E PRISCILA| 15€



Un frío de nieve

Jessica Au


SIRUELA | 15.95€



Horas de invierno

Mary Oliver


ERRATA NATURAE | 19€



A noite das cebolas

Rosa Aneiros

XERAIS | 19.50€



Ethan Frome

Edith Wharton

IRMÁS CARTONÉ | 11.50€



La nieve y otros complementos circunstanciales

Xuan Bello


XÓRDICA | 16.95€




Receitas de inverno desde a comunidade

Louise Glück

CHAN DA PÓLVORA | 18€




Ventisca
Marie Vingtras
NÓRDICA | 19.50€



Nada
Carmen Laforet
PLANETA | 12.95€



Ahora en noviembre
Josephine Johnson
ALIANZA | 19.50€



Una chica en invierno
Philip Larkin
IMPEDIMENTA| 22,75€

Eventos | Novembro 2026

MARTES 3 DE NOVEMBRO 18:00H

Presentación de *Cosamala* (Seix Barral) de **Alana S. Portero** no Salón de Graos da Facultade de Filoloxía da USC

VENRES 6 DE NOVEMBRO ÁS 19:00H


Presentación de *Sal nas Feridas* (Urutau) de **Carolina Carinhas.**


VENRES 10 DE NOVEMBRO ÁS 19:00H

Presentación de *Boundaries Road* (Xerais) de **Cecilia F. Santomé** acompañada pola escritora Berta Dávila.

VENRES 20 DE NOVEMBRO ÁS 19:00H


Presentación de ***Río rojo*** (Pepitas de calabaza) de **Ernesto Is.**




NUMAX
NA ESCOLA
PROXECCIÓNS EDUCATIVAS
PARA INFANTIL, PRIMARIA,
SECUNDARIA E BACHARELATO.
Infórmate en
numax.org/na-escola
escola@numax.org

Cinema

Filme do mes:



JALEOS ESTREA 20 NOV

Isaki Lacuesta, 78', ESP, VO

Con C. Tangana, Alba Flores, Soleá Morente

A historia do flamenco está intimamente ligada á modernidade e ao nacemento das máquinas. Entre o conto e o ensaio, *Jaleos* propón unha viaxe por episodios sorprendentes e pouco coñecidos: do primeiro filme de Edison coa bailaora Carmencita á fascinación flamenca do nazismo e as vangardas artísticas. Un percorrido polos séculos XX e XXI, atravesando o mundo e conectando flamenco, política, arte e historia, guiado por un coro de voces diversas, con artistas contemporáneos e figuras clave do flamenco.

A nova creación do sempre inquedo, talentoso e anovador cineasta catalán Isaki Lacuesta contará na súa estrea coa presentación de Marcos Flórez, socio de NUMAX e montador da película.

Zabaltegi-Tabakalera — Donostia 2026

Estreas



IRON BOY ESTREA 20 NOV

Louis Clichy, 90', FR, VOSE/VE, +7

Christophe, un rapaz de 11 anos, tenta seguir os pasos de seu pai axudando na granxa familiar na que viven. Pero todo muda o día que ten que levar un corsé metálico por prescripción médica, que o obriga a desatender as tarefas cotiás da granxa.

🏆 **Mención Especial — Un Certain Regard Cannes 2026**



ROSE

ESTREA 20 NOV

Markus Schleinzer, 93', DE, VOSE, +12

Con Sandra Hüller, Caro Braun

Século XVII. Un misterioso soldado chega a unha isolada vila protestante de Alemaña afirmando ser o herdeiro dunha granxa abandonada. Aínda que se integra na comunidade e demostra ser un bo home, as sospeitas dos aldeáns sobre a súa identidade aumentan e obrigan un axuste de contas.

🏆 **Mellor actriz — Berlinale 2026**

22 NOV | Coloquio en liña con Sandra Hüller.
Día Europeo do Cine de Autor



ADOLESCENCIA, SEXO E MORTE EN CAMPAMENTO MIASMA ESTREA 26 NOV

Jane Schoenbrun, 112', ING, VOSE

Con Gillian Anderson, Hannah Einbinder

Logo de anos de secuelas descoidadas e un público a cada volta máis esquivo, a franquía *slasher* de Camp Miasma ponse en mans dunha entusiasta directora disposta a resucitala. Porén, cando visita a estrela do filme orixinal, ambas mulleres son arrastradas a un sanguento mundo de desexo, medo e delirio.

🏆 **Mellor película — Un Certain Regard Cannes 2026**
Mellor película — Zabaltegi-Tabakalera Donostia 2026



LA LIBERTAD DOBLE ESTREA 27 NOV

Lisandro Alonso, 100', ESP, VO

Con Misael Saavedra, Catalina Saavedra

Misael traballa só. Co seu machado tala árbores no bosque. Unha responsabilidade inesperada trastoca a súa vida e o ritmo dos seus días vaise disolvendo aos poucos nun deserto onde a razón humana xa non ten sentido.

Quincena dos cineastas — Cannes 2026

Pioneiras



CARTA CAMPESIÑA PASE ÚNICO 24 NOV

Safi Faye, 98, SER, VOSE, 1975

Con Assane Faye, Maguette Guèye

Ngor quere casar con Coumba pero a colleita de cacahuete, o único produto comercializable, foi mala. A senegalesa Safi Faye realizou en 1975 esta longametraxe considerada como a primeira dirixida por unha muller africana.

Petís Numax



A OVELLA SHAUN – MISIÓN CABAZA 31 OUT - 6 NOV

Steve Cox, Matthew Walker, 88', VO, +6

Na véspera de Samaín na granxa de Mossy Bottom, a emoción convértese en consternación cando un torpe granxeiro arruina a plantación de cabazas. Shaun tenta amañar a desfeita con experimentos científicos, pero algo vai mal e unha besta salvaxe aparece entre as árbores do monte.

Os ollos verdes



Coloquio en liña co director.

BENIGNO PASE ÚNICO 30 NOV

David Baute, 77', ESP, VO, TP

Benigno, aos seus oitenta e oito anos aínda dorme, come e soña no fogar que o viu nacer. A casa tense soa, xunto a Benigno e a súa tartaruga Totó, entre o limbo dos recordos, o ritual do cotiá e a espera do día final.

Alquimias — SEMINCI 2026

Cine arxentino moderno. Parte 2



LOS VENERABLES TODOS PASE ÚNICO 3 NOV

Manuel Antín, 70', ESP, VO, 1962

Con Walter Vidarte, Lautaro Murúa

Ismael, o integrante máis feble e inestable dun suposto grupo de conspiradores, sofre as constantes burlas e o menosprezo do líder do mesmo e os seus compañeiros. Todo muda cando unha muller da que Ismael está namorado comeza a integrarse nas lóxicas macabras do grupo.

Pases especiais



Presentación e coloquio co director

DEUSES DE PEDRA

PASE ÚNICO 4 NOV

Iván Castiñeiras, 85', PT, VO

Con Cinta Freitas, Mariana Freitas Tavares

Mariana, unha nena de catro anos, descobre o mundo a través das ensinanzas da súa mestra, nunha das últimas escolas rurais na fronteira entre Galicia e Portugal. Os contos infantís mestúranse coas lendas e historias que aínda habitan o lugar.

Premio do Xurado — Documenta Madrid 2025
Premio Universidades — IndieLisboa 2025



Presentación e coloquio co director

FOMOS FICANDO SÓS

PASE ÚNICO 28 NOV

Adrián Canoura, 81', GAL, VO

Adrián embarca ao Gran Sol, no barco que seu pai navegou durante máis de trinta anos. Busca comprender o silencio e a distancia que os marcaron. No medio do mar, entre rutinas e ondas, atopa o momento para estender a man. E, finalmente, atrévese a dicir o que sempre calou: Quérote.

Premio do Xurado Novo — Punto de Vista 2025

CINEUROPA



40 EDICIÓNS MOVENDO A NOSA FORMA DE MIRAR

06_22 NOVEMBRO 2026_SANTIAGO DE COMPOSTELA

Compostela Cultura · Concello de Santiago · Consorcio de Santiago · Deputación da Coruña · Xunta de Galicia · Axencia Galega das Industrias Culturais · Camões Centro Cultural Português · USC

Finsa · Airas Moniz · Anaco · Costa Vella · Paco & Lola · Mosqueira · Aweiss · Galiverd · Moxi · Raiz · Galicia

NUMAX
Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
www.numax.org
@numaxcoop

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de
AAGG Agencia Gráfica